

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2020/2021

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMS	Imaxe e son	CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1306	Empresa e iniciativa emprendedora	2020/2021	2	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PALOMA GÓMEZ MOARES, JOSEFA NATIVIDAD BARREIROS DOSIL (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional do título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son (Decreto 200/2013) determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral do título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son consiste en realizar sesións de animación musical e visual en vivo e en directo, e efectuar a captación, a mestura directa, a gravación e a reprodución de son en todos os tipos de proxectos sonoros.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no ámbito do son para producións de cine, vídeo, televisión, multimedia, radio, industria discográfica, espectáculos e instalacións fixas de sonorización, en empresas grandes, medianas e pequenas, públicas ou privadas, en televisións, produtoras de cine e vídeo, emisoras de radio, produtoras discográficas, empresas de dobraxe e de sonorización, produtoras de espectáculos e empresas dedicadas á produción de eventos musicais públicos, tales como bares musicais, discotecas, salas de festa, salas de baile, salas de concertos ou festivais, así como en eventos non estritamente musicais, tales como desfiles de moda, presentacións publicitarias ou feiras de mostras, e en grandes, medianas e pequenas empresas, por conta propia ou allea, dedicadas ao tratamento dixital de imaxes.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Axudante de son en televisión.
- Microfonista de cine e vídeo.
- Microfonista de concertos musicais.
- Microfonista de espectáculos escénicos.
- Axudante de montaxe de son en cine.
- Disc-jockey.
- Vídeo-jockey.
- Vídeo disc-jockey.
- Light-jockey.
- Retocador/ora fotográfico/a dixital.

O currículo concrétese tanto nos seus resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos no ámbito produtivo onde se desenvolverá o profesional. Preténdese que unha vez superado este módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora (EIE) os alumnos e alumnas teñan ferramentas suficientes para desenvolverse no mundo laboral coma empresarios/as e para:

- Empezar nesta área
- Entender cuestións relacionadas co marketing dunha empresa;
- Coñecer elementos básicos de finanzas;
- Valorar a importancia da patronal;
- Coñecer e seguir a normativa aplicable ao seu ámbito.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título, relacionadas co módulo de EIE son :

- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todos, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, e participar activamente na

vida económica, social e cultural.

- Manter o espírito de innovación e actualización no ámbito do traballo propio, para se adaptar aos cambios tecnolóxicos e organizativos do contorno profesional.
- Liderar situacións colectivas que se poidan producir, mediar en conflitos persoais e laborais, e contribuír ao establecemento dun ambiente de traballo agradable, actuando con sinceridade, respecto e tolerancia.
- Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais, orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais, consonte as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

Os obxectivos xerais deste título, relacionados co módulo de EIE, son:

- Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaces de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- Analizar a estrutura xerárquica da empresa, identificando os papeis e as responsabilidades de cada compoñente do grupo de traballo, para organizar e coordinar o traballo en equipo.
- Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, identificando a súa achega ao proceso global, para participar nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos da produción.
- Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe, e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para manter un espírito de actualización e innovación.
- Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa Emprendedora	Introdución e conceptos básicos: emprendedor, idea de negocio, obxectivos e estratexias	8	9
2	A empresa e a súa contorna	Análise das empresa e de elementos da súa contorna que as influencian	13	20
3	Formas xurídicas da empresa	Descrición das distintas formas jurídicas que pode adoptar unha empresa	10	20
4	A creación da empresa	Pasos a seguir para a creación ducha empresa	11	20
5	A xestión administrativa da empresa	Documentación administrativa e financiamento da empresa	12	20
6	Xestión contable dunha pequena e mediana empresa	Conceptos básicos de contabilidade e de xestión administrativa da empresa	9	11

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa Emprendedora	8

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector do son e de animación músico-visual.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de son e de animación músico-visual, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de son e de animación músico-visual (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector do son e de animación músico-visual.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de son e de animación músico-visual.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e a súa contorna	13

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de son e de animación músico-visual en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co son e a animación músico-visual e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de son e de animación músico-visual, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de son e de animación músico-visual, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de son e de animación músico-visual: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de son e de animación músico-visual: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Formas xurídicas da empresa	10

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector do son e da animación músico-visual.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A creación da empresa	11

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.6 Identifícanse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identifícanse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Inclúese no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de son e de animación músico-visual.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A xestión administrativa da empresa	12

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de son e de animación músico-visual, tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co son e a animación músico-visual, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (li
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector do son e de animación músico-visual.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de son e de animación músico-visual: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión contable dunha pequena e mediana empresa	9

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de son e de animación músico-visual: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os recollidos en cada unidade didáctica, concretamente os seguintes .

- 1) Analizaronse as características das actividades emprendedoras no sector Vídeo Disc-jockey e Son
- 2) Valoráronse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
- 3) Decidíronse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de Vídeo Disc-jockey e Son que ha de servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
- 4) Analizaronse a estrutura dun proxecto empresarial e valorárase a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
- 5) Valoráronse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
- 6) Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- 7) Apreciáronse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
- 8) Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de vídeo disc-jockey e son en función da súa posible localización.
- 9) Valoráronse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co Vídeo Disc-jockey e Son e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
- 10) Identificáronse, en empresas de Vídeo Disc-jockey e Son, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
- 11) Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de Vídeo Disc-jockey e Son, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
- 12) Elaboráronse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- 13) Analizaronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
- 14) Valoráronse a importancia das empresas de economía social no sector de Vídeo Disc-jockey e Son
- 15) Especificáronse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
- 16) Diferenciáronse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
- 17) Incluíronse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- 18) Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
- 19) Incluíronse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- 20) Analizaronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de Vídeo Disc-jockey e Son tendo en conta a súa localización.
- 21) Incluíronse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- 22) Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa actividade de vídeo disc-jockey e son, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario
- 23) Formalizáronse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena empresa do sector.
- 24) Analizaronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

25) Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

26) Elaboráronse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado, presencial ou telemáticamente a través da aula virtual do centro, como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os criterios que se indican a continuación-

Criterios de cualificación:

Estos criterios precisan dunha articulación a través dunha serie de mecanismos que permitan coñecer, tanto ao profesorado que puntuará como ao alumnado que acadou os mínimos exixibles, como se valorarán finalmente as actividades que dun ou outro tipo se efectúen.

En consecuencia precísase establecer unhas regras de valoración que traduzan en termos de 1 a 10 os criterios contemplados no ciclo.

Así para a cualificación positiva é preciso que o alumnado cumpra os seguintes:

1. Participación nas actividades propostas polo profesorado para o coñecemento e aprendizaxe do módulo.
2. Superación das probas, actividades e exercicios prácticos. Debido á complexidade e variedade dos tipos de probas e actividades que neste módulo se poden presentar, non se pode establecer un só criterio de corrección, por iso en cada unha delas informaráselle ao alumnado dos criterios que se aplicarán.
3. O máximo de faltas de asistencia sen xustificar, para ter dereito á avaliación continua, establececese nun 10% do total das horas prevista no módulo.

#### AVALIACIÓN

A avaliación será continua en canto que estará inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado. Ao remate deste proceso, haberá unha cualificación final que, dacordo con dita avaliación continua, valorará os resultados acadados polo alumnado.

Os criterios para determinar se o alumnado superou ou non o módulo, redúcense practicamente a un, e este criterio "único" non é outro senón o que se acaden os mínimos exixibles propostos.

Atenderemos a:

**Avaliación formativa:** Entendida como proceso de avaliación continua que se pode levar a cabo mediante as técnicas do anecdotario e o control do traballo diario das actividades.

Para avaliar os feitos e conceptos acadaremos a cuestionarios de preguntas concretas. Á comparación, a enumeración razoada de vantaxes e inconvenientes, elaboración de mapas conceptuais, xerarquización entre os diferentes conceptos, resolución de problemas; son procedementos indicadores da comprensión significativa dos contidos conceptuais.

No que se refire ao control de grao de aprendizaxe e dominio dos procedementos, propoñemos unha actuación que implique a posta en práctica do procedemento obxecto de control de medición. Comprobaremos se o alumnado é capaz de utilizar o procedemento aprendido en situacións novas, así como de distinguir o distinto tipo de procedemento que en cada caso é necesario aplicar.

A información sobre o proceso de formación de aptitudes/actitudes, ou sobre o seu cambio, obterase a partir da observación de respostas verbais e dos comportamentos do alumnado ante un determinado estímulo, que demande argumentacións, emisión de xuízos ou comportamentos, nos que aparezan reflectidos os contidos de aptitude e actitude, tanto de tipo global (respeto polas normas de funcionamento da clase, polas ideas dos demais, etc), como os referidos á materia en concreto.

Avaliación sumativa: Co obxecto de determinar en que grao se alcanzou a aprendizaxe ao final do periodo de ensino e en función dos obxectivos establecidos e os contidos traballados.

A nota final de cada unha das tres avaliacións resultaría da suma de tres apartados (actitude, traballo na aula e probas escritas), valorados todos eles sobre 10 puntos e que contarán coa seguinte ponderación:

Realizarase como mínimo unha proba escrita cada trimestre, no que se intentará combinar diversos tipos de preguntas: tipo test, de resposta curta, casos prácticos... relacionados cos contidos do trimestre.

Teranse en conta os exercicios propostos polo profesorado e elaborados polo alumnado, tanto individualmente como en grupo así como a realización do proxecto empresarial.

Así mesmo, terase en conta a actitude do alumno na clase: o seu grao de participación, o seu comportamento e a súa colaboración cos compañeiros e co profesor.

A importancia de cada un destes métodos de avaliación, dependerá dos temas e do alumnado, xa que non todos os casos son iguais. De todos os xeitos, e con carácter xeral, os exames ponderarán un 30% na nota e as habilidades e destrezas demostradas nas diferentes actividades precisas para da realización e presentación do seu proxecto empresarial un 70%. A cualificación mínima para poder aprobar será dun 5, nunha puntuación de 1 a 10. No caso de realizar na mesma avaliación varios probas escritas ou/e traballos, a cualificación mínima para facer media será dun 4, en algunha das partes (probas ou traballo). Tamén é necesario ter entregadas nos prazos previstos todas as actividades e presentar o proxecto empresarial realizado.

O módulo considerárase superado cando acade un 5 ou máis, aplicando os dous criterios de valoración, en todas as avaliacións.

Notas aclaratorias para a realización de probas escritas avaliáveis:

Salvo autorización expresa, para realizar algunha tarefa en concreto, está prohibido a utilización de teléfonos móbiles, ou calquera outro dispositivo que poida almacenar información ou que poida ter conexión a internet.

No caso de que se detecte algún alumno/a copiando, solicitaráselle que entregue a proba e comunicárselle que como consecuencia do feito lle queda esa proba suspensa.

Notas aclaratorias sobre o proxecto empresarial a realizar:

O proxecto empresarial que entregue o alumno/a debe ser propio, non se valorarán proxectos que sexan copias de outros que se atopen na rede.

O alumnado terá que realizar o proxecto no centro de ensino, seguindo as directrices do profesorado, inda que poderá buscar información pola súa conta para despois poder utilizala no seu proxecto.

En ningún caso se valorarán proxectos, nos que o profesorado non tivera coñecemento e seguimento na aula deles, ao longo do curso.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Alumnos/as con avaliación (trimestre) pendente ,terán a posibilidade de recuperación mediante a superación dunha proba escrita por cada trimestre que teñan pendente, a celebrar coincidindo coa avaliación final de xuño (1º curso) ou marzo (2º curso) , e na que deberán obter 5 puntos sobre un total de 10. Ademais poderáselle encargar actividades e exercicios (un boletín de actividades) a realizar e que deberán entregar ao docente para a súa corrección e valoración. Entregarán en todo caso a parte do plan de empresa que lles falte por entregar. Terán o apoio do profesorado, e periodos específicos para dúbidas.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Na presentación dun plan de empresa con todos os requisitos establecidos na programación.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto na proba teórica como no plan de empresa, non existindo a posibilidade de facer media entre as dúas nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro, e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

O apercibimento enviarase superado o 6% da duración do módulo: 4 faltas

A perda do dereito a asistencia a clases enviarase superado o 10% da duración do módulo: 6 faltas

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual e a memoria anual utilizaráse por regra xeral os modelos legalmente establecidos, o que deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Os obxectivos pretendidos neste apartado son, entre outros :

- Axustar a práctica docente ás peculiaridades do grupo e de cada alumno.
- Comparar a planificación curricular co desenrolo da mesma.
- Detectar as dificultades e os problemas na práctica docente.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar as redes de comunicación y coordinación internas.
- Buscar unha maior calidade educativa

Os criterios e indicadores a ter en conta neste tema resúmense en 5 ámbitos :

- 1) Motivación do parte do profesor hacia o aprendizaxe dos alumnos (presento o principio de cada sesión un plan de traballo, explicando a súa finalidade; diseño situacións introductorias previas o tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas¿); relaciono o tema cos acontecementos da actualidade; manteño o interese do alumnado empregando unha linguaxe axeitada; fomento a súa participación (debates¿); organizo adecuadamente os contidos; trazo unha visión global da materia (guións, esquemas, resúmenes¿).
- 2) Planificación da programación didáctica (diseño a unidade didáctica basándome nas competencias básicas que deben acadar os alumnos; formulo os obxectivos didácticos de xeito que expresan claramente as habilidades que débense conseguir; secuencio os contidos tendo en conta as características do grupo de alumnos; planifico mi actividade educativa de forma coordinada cos demais profesores do Ciclo Formativo; establezo de modo explícito os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer un seguimento dos progresos educativos dos alumnos; adopto estratexias e técnicas de mellora).
- 3) Estrutura e cohesión no proceso de ensinanza-aprendizaxe (diseño actividades que permiten acadar os obxectivos previstos; propoño a meus alumnos actividades variadas; facilito a adquisición de novos contidos a través de internet; fomento o traballo individual e cooperativo; distribuo o tempo adecuadamente; utilizo recursos variados; comprobo de xeito variado que os alumnos comprenden as tarefas a realizar; facilito estratexias de aprendizaxe).
- 4) Seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe (reviso frecuentemente os contidos e as actividades propostas; proporciona aos alumnos mecanismos de mellora das súas tarefas; permito procesos de coavaliación; propoño novas actividades en caso de obxectivos non acadados adecuadamente; teño en conta as habilidades dos alumnos e os seus ritmos de aprendizaxe; adapto os materiais e recursos as características de cada alumno; busco e fomento a interacción entre o profesor e os alumnos; plantexo suficientes traballos en grupo: Os alumnos sintense responsables da realización de súas actividades).
- 5) Avaliación do proceso (aplico adecuadamente os criterios de avaliación; utilizo sistemáticamente instrumentos variados de recollida de información; corrijo e explico axeitadamente as actividades aos alumnos, e lles dou pautas para mellorar su aprendizaxe; uso estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación en grupo; utilizo diferentes técnicas de avaliación tendo en conta a diversidade da aula; uso variados instrumentos de avaliación para coñecer o rendemento académico; informo regularmente ós pais dos progresos académicos dos seus fillos; utilizo os resultados da avaliación para modificar os procedementos e melloralos; realizo correctamente a avaliación inicial).

A estes efectos, utilizarase unha plantilla na que se relacionen os apartados propostos, indicando en cada caso si se cumpriron ou non os obxectivos plantexados, xustificando en caso negativo as razóns, e propoñendo as medidas de mellora que correspondan.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Deste xeito e co obxectivo de valorar as habilidades, destrezas, actitudes e coñecementos e dificultades coas que os alumnos acceden a este ciclo, realizarase unha sondaxe previa, que se pode realizar oralmente, complementado en su caso cun cuestionario para así obter unha



información individualizada de cada alumno/a.

#### CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO.

Este cuestionario será cuberto por tódolos alumnos que cursan o módulo nas primeiras sesións lectivas ó inicio de curso.

Nome e apelidos do alumno

Domicilio familiar

Ciclo formativo /grupo

Concello

Provincia

#### ACCESO Ó CICLO E TITULACIÓNS ACADÉMICAS/PROFESIONAIS

A1.-¿Por que se dediciu vostede a cursar este Ciclo formativo?.

A2.-¿Estivo ou está vostede traballando, por conta propia ou allea?. En caso afirmativo indique a actividade laboral/ sector?

A3.-¿Ten vostede algún impedimento de tipo laboral ou de outra índole para asistir con regularidade ás actividades formativas deste módulo/materia, segundo o horario previsto?

A4.-¿Que sabe ou espera do módulo EIE?. ¿Coñece algo do sistema actual de EMPRENDEMENTO do noso país?. ¿Opina que é un momento idóneo para ESTABLECERSE POR CONTA PROPIA no mercado de traballo? ¿Cre que este ciclo formativo pertence a un sector profesional idóneo para constituir unha empresa no mercado de traballo? Xustificar as respostas dunha maneira completa e veraz.

A5.-¿Qué expectativas profesionais e persoais ten vostede para cando remate a formación deste ciclo formativo?.

A6.-¿Como cree vostede que contribúe a formación relativa a este módulo cara o desempeño da actividade profesional asociada a este ciclo formativo?.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

A docente terá en conta as necesidades educativas especiais do alumnado, aplicando medidas correctoras que sexan precisas para poder realizar con éxito o proceso de ensino-aprendizaxe. Garantirase sempre o dereito de accesibilidade universal, polo que a docente tomará en conta as modificacións que se requiran para que calquera alumno poida seguir e participar de igual maneira no proceso de ensino-aprendizaxe en igualdade de condicións independentemente das súas características persoais.

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando

aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 (De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, conforme o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral).

AS MEDIDAS ORDINARIAS E XERAIS QUE SE PODEN ADOPTAR SERÁN AS SEGUINTE:

- Avaliación inicial ao comezo do curso: Mediante unha ficha sinxela que deberán cubrir e entregar, e se fose preciso con entrevistas individuais ou unha charla grupal na aula. Ademais manterase unha reunión co Dpto. de Orientación e co titor do grupo, para coñecer outra información relevante das súas circunstancias persoais, académicas,...

- Traballo en equipo do profesorado do grupo, establecendo ó comezo do curso os cauces de comunicación e coordinación que se van empregar durante o ano, en especial co titor, para realizar un seguimento e atención específica á cada alumno/a.

- Nas clases, con medidas que NON precisan dunha organización moi distinta da habitual e que NON afectan aos elementos prescriptivos do Currículo:

1. Adaptación dos resultados das Unidades: priorizando, introducindo capacidades complementarias ou alternativas, cunha secuenciación específica.
2. Adaptación dos contidos: priorizandoos, reordenandoos, introducindo contidos alternativos ou complementarios, secuenciación individualizada.
3. Fixación duns contidos mínimos imprescindibles, comúns para todo o alumnado e que deben acadarse obrigatoriamente, respetando os do Currículo oficial básico.
4. Adaptacións metodolóxicas: Fomentando un clima motivante e participativo, individualizada e adaptada aos ritmos de aprendizaxe, ralentizando ou acelerando segundo o momento, empregando diversas estratexias (expositivas, deductivas, inductivas...), cun apoio e seguimento individualizado do traballo,...
5. Adapción dos agrupamentos: formando grupos con alumnado guía que, axudan a outros compañeiros, agrupamentos heteroxéneos ou mixtos no caso de alumnos extranxeiros ou con outra peculiaridade, grupos flexibles no tempo,...
6. Adaptación das actividades: Variadas, adaptadas, e de diversa dificultade que permitan diferentes grados de profundización: de REFORZO para os alumnos que precisen fortalecer contidos nos que teñan dificultades e acadar os contidos mínimos, de AMPLIACIÓN para que o alumnado con especial interese ou capacidades profundice e progresa nos contidos, ABERTAS con autonomía na súa realización, VOLUNTARIAS, tarefas de RECUPERACIÓN,...
7. Adaptacións na temporalización: flexibilizando a prevista para os Bloques de contidos ou para determinadas Unidades (capacidades ou contidos).
8. Adaptación dos recursos, con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos desde diferentes ópticas, adaptándose ós alumnos/as.
9. Na avaliación: que sexa individualizada e fixe metas en base ás capacidades e nivel inicial de cada un, modificando os instrumentos e procedementos de avaliación; distintos tipos de probas para comprobar o dominio dos contidos.

ALUMNADO CON DIFICULTADES MODERADAS AUDITIVAS, VISUAIS OU DE MOBILIDADE:

Adaptacións de acceso :

- Colocación axeitada na clase, e preto da situación onde está o profesorado.

- Procurarase unha posición central e visible, cunha correcta e pausada verbalización.
- Eliminación de barreiras .
- Correcta distribución de espazos e elementos materiais na aula.
- Coidarase as condicións ambientais da aula, sonoras e de iluminación.

Adaptación dos recursos, con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos, adaptándose ao alumnado.

Adaptación na avaliación, individualizada con modificación dos instrumentos e procedementos de avaliación. O modo e o tempo de realización adaptárase á casuística concreta.

#### ALUMNADO PROCEDENTE DE PROBAS DE ACCESO:

- Realizárase unha avaliación inicial máis completa e unha entrevista persoal co/a alumno/a.
- Seguimento específico mediante tutorías individualizadas.
- As actividades faranse de xeito máis progresivo, empregando recursos máis prácticos e funcionais, e con actividades adicionais de reforzo sobre os contidos máis problemáticos.
- As actividades realizadas en grupo serán un medio para que outros alumnos/as o axuden.
- Incidirase nos aspectos máis prácticos e funcionais do módulo, tratando de establecer relacións coa experiencia laboral, práctica e coñecementos previos do alumnado.

#### ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO OU DE INCORPORACIÓN TARDÍA:

- Manterase unha entrevista e tutorías individuais, para comprobar os seus coñecementos, situación persoal, informarllos da organización xeral do centro e das clases,...
- Crearase un clima de cordialidade e respecto, sen desigualdades e discriminacións cos compañeiros, fomentando a participación e integración nos grupos para as actividades.
- Solicitárase a colaboración dalgún alumno/a para que faga de titor-anfitrión os primeiros días.
- Crearase situacións onde o alumno/a, con motivo das explicacións, comente como é a situación e características no seu país respecto da cuestión que se estea tratando.
- Empregarase a lingua galega como mecanismo de socialización, e fomentando a lectura en castelán e galego de textos relacionados co módulo e a profesión.

#### ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS :

- Enfoque multidisciplinar e dinámico dos contidos, que lles permita un enfoque global.
- Adaptación das ensinanzas mediante actividades complementarias e de ampliación.
- Crearase un clima na aula onde se sintan aceptados e non discriminados ou excluídos.
- Recomendaranse recursos e bibliografía específica (da Biblioteca do IES e do entorno escolar).

#### ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS SIGNIFICATIVAS:

O alumnado con diversidade funcional físicas, psíquicas, visuais e sensoriais graves , ou trastornos na personalidade o da conducta, tera unha atención individualizada e especializada, aplicando os principios de non discriminación e normalización educativa, tendo presente o obxectivo da integración. De non ser suficientes as medidas ordinarias, e se se precisan modificacións significativas do currículo, estudaranse medidas específicas, en colaboración co departamento de Orientación, adaptadas as características do alumno/a de cara a favorecer o seu desenvolvementos persoal e académico.

Atención individualizada respecto do espazo/aula, recursos, tempo e avaliación:

Adaptación de espazo/aula:

- Colocación axeitada na clase, e preto da situación onde está o profesorado para poder manter contacto visual e asegurarse de que atende.
- Procurarase unha posición central e visible, cunha correcta e pausada verbalización.
- Eliminación de barreiras.
- Correcta distribución de espazos e elementos materiais na aula.
- Coidaranse as condicións ambientais da aula, sonoras e de iluminación.

Adaptación dos recursos:

- Con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos, adaptándose ao alumnado, e aos recursos que pode utilizar debido a súa patoloxía, promovendo a súa participación na aula.
- Presentando a idea principal explícitamente ao principio da explicación e focalizando a atención nos conceptos clave.

Adaptación no tempo:

- Na realización de cuestións e traballos, flexibilización do tempo de realización adaptándose ás dificultades que pode ter o alumnado.
- Na avaliación, individualizada con modificación dos instrumentos e procedemento de avaliación. O modo e o tempo de realización adaptárase á casuística concreta.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo traballarase coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispoñen desperdiciando papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo. Os alumnos tamén deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiáns do seu emprego.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.
- Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

Por último, garantízase o dereito de accesibilidade universal, de xeito que os materiais e recursos de ensinanza-aprendizaxe-avaliación se adaptarán as necesidades de cada caso, tendo en conta a diversidade cultural e funcional existente na aula, con especial atención ós alumnos con algun grado de discapacidade, ós efectos de garantir a igualdade de oportunidades no ámbito educativo, implicando neste propósito no seu caso a

tódolos membros da comunidade educativa. Terase en conta a estos efectos o establecido na seguinte normativa :

- Lei 10/2014, de 03/12, de accesibilidade.
- RD 1/2013, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas discapacitadas
- Lei 51/2003, de igualdade de oportunidades, no discriminación e accesibilidade universal.
- Decreto 114/2010, de 01/07, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Este curso, e debido á situación de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, non se permite a realización de actividades complementarias e extraescolares que supoñan saír do centro ou que supoñan visitas ao mesmo.

Adaptándonos a esta situación prevese a seguinte actividade:

- Motivación ao alumnado para participar en diversos concursos, coma por exemplo o concurso eduemprende Idea ou os premios Gaiás-Sixto Seco. Animarase a que algún grupo de alumnos/as ou alumno/a participe na viniera edición deste ou doutro premio ao que poidan presentar o seu plan de empresa

## 10.Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía didáctica na F.P. específica promoverá a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos. Asimesmo, favorecerá no alumnado a capacidade para aprender por sí mesmo e traballar en equipo.

O enfoque metodolóxico seguido é o do Constructivismo, que parte da filosofía de que é o alumnado quen constrúe e modifica seus coñecementos, convertíndose polo tanto el mesmo no motor da súa propia aprendizaxe. O docente exerce un papel de guía do proceso, organizando e planificando actividades que permitan plantexar un conflito cognitivo e modificar os seus esquemas de coñecemento.

Isto implica a necesidade de:

- 1) Partir dos coñecementos previos do alumnado e das súas capacidades e intereses.
- 2) Favorecer a adquisición de aprendizaxes significativas, procurando que os novos coñecementos teñan vinculación cos coñecementos previos e se establezan entre eles relacións sustantivas e estables que permita construír novos significados.
  - creación dun conflito cognitivo na zona de desenvolvemento próximo.
  - utilización de material estruturado, claro e organizado.
  - motivación do alumnado, actitude activa e esforzada.
- 3) Conseguir a funcionalidade das aprendizaxes, mediante coñecementos vinculados co contexto socioeconómico e útiles para aplicarlos ás situacións reais do traballo.
- 4) Posibilitar a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmos, de aprender a aprender, de construír e actualizar aprendizaxes significativas de xeito autónomo.
- 5) Utilizar unha metodoloxía activa e participativa, onde o alumno/a é o protagonista, e creando un clima favorable na aula que permita a súa implicación e motivación.
- 6) Trato interdisciplinar e integrado dos contidos en relación con outros módulos.

Métodos didácticos específicos:

En función do tipo de actividade e finalidades, empregaranse diversos métodos didácticos específicos, entre eles : expositivo, deductivo, exploratorio-inductivo, de descubrimento guiado, mando directo ou asignación de tarefas, ensino recíproco, de búsqueda de información, de resolución de conflitos , dinámicas grupais.

Fomento das novas tecnoloxías da información e comunicación ( TIC ) :

A tecnoloxía ten adquirido un papel protagonista dentro da sociedade actual . O emprego das mesmas pasou de ser algo lúdico a ser unha obriga derivada da necesidade nos nosos tempos de acceder cada vez máis a un maior nivel de información e a unha actualización constante do coñecementos polos cambios constantes da sociedade .

Realizaranse moitas actividades que terán como núcleo central as TICs

(na aula medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet), pois son medios

lúdicos e motivadores que impulsan o traballo investigador e creativo, e porque permiten que o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe (autoaprendizaxe) e a actualización continua do mesmo.

Fomento da lectura :

Aínda que sendo alumnos que proveñen da ESO ou Bacharelato xa teñen uns hábitos de lectura adquiridos, potenciaremos a lectura de textos tanto de carácter xeral como de tipo científico propios do módulo e da profesión, especialmente se son en lingua galega. Empregaremos xornais, revistas, textos legislativos, documentos obtidos na rede ou outro tipo de publicacións especializadas, que serán lidas, comentadas e debatidas en clase, ou sobre as que terán que facer traballos, para

que adquiren o vocabulario e unha fluidez que lles permita expresarse e explicarse nestes ámbitos dun xeito correcto.

Secuencia de actividades en cada Unidade :

Seleccionaranse por criterios de MOTIVACIÓN, ADAPTACIÓN ,

SIGNIFICACIÓN, VARIEDADE, PROGRESIVIDADE, e seguindo este esquema: do

coñecido ó descoñecido, do doado ó difícil, do concreto ó abstracto, do particular ó xeral.

- Actividades de introducción - motivación: para despertar o interese pola realidade que vai aprender, plantexando un suposto e abrindo un debate, e presentando un guión da Unidade: finalidades, contidos, actividades, sesións,...

- Actividades de detección dos coñecementos previos: unha avaliación inicial das súas ideas, opinións e acertos ou erros sobre os contidos a desenvolver.

- Actividades de desenvolvemento: para a explicación, tratamento e asimilación dos contidos da Unidade. Plantexaranse exercicios e supostos, correxeranse e atenderanse as posibles dúbidas que poidan quedar pendentes tras o anterior.

- Actividades de síntese - resumo: Facilitan a relación e o enfoque globalizador dos contidos aprendidos (esquemas, mapas conceptuais, cadros-resumo).

- Actividades de consolidación e afianzación: aplicación en diferentes situacións dos coñecementos adquiridos. Contrastan as novas ideas coas ideas previas.

- Actividades adicionais: de ampliación (para que o alumnado aventaxados profundice coñecementos), recuperación ou reforzo (alumnado que non acadan as capacidades e contidos mínimos), e complementarias ou extraescolares.

- Actividades de avaliación: Son actividades específicas para para facer os 3 tipos de avaliacións, e que non estiveran cubertas polas actividades anteriores.

Actividades individuais e agrupamentos de alumnos :

Ademais das actividades individuais concretas que se realizarán (traballo independente segundo o ritmo e capacidades de cada alumno), potenciarase o traballo en equipo a través de moitas actividades grupais, pois teñen múltiples vantaxes: axudan á socialización e á comunicación interpersonal, fomentan a responsabilidade e respecto, fortalecen o espírito crítico, reflexión e contraste de ideas.

Os criterios para realizar agrupamentos serán estes : integración (comunicativos e retraídos..), proximidade (social, física), heteroxeneidade (en capacidades e coñecementos) , flexibilidade na duración e organización. En función do tamaño serán de Gran grupo (todos os alumnos) , Grupo medio (8-10) e Grupo pequeno (3-4).

## 10.2) Confinamento

Este curso dase a circunstancia extraordinaria de que pode darse a situación de confinamento de alumnos e/ou profesores.

A entrega de tarefas farase mediante documento escrito en papel e/ou a través da aula virtual do centro en data e hora indicadas pola docente previamente.

Caso 1: confinamento dalgún/a alumno/a:

O material que se utiliza nas aulas estará accesible tamén na aula virtual do centro, de maneira que se algún alumno ou alumna se ten que confinar, terá acceso ao material usado na aula. Se isto sucede, farase un seguimento personalizado do alumno con contactos periódicos por parte da docente mentras dure esta situación.

Caso 2: confinamento da docente e do alumnado:

Usarase neste caso a aula virtual do centro máis, se a docente o considera necesario, ciscoweb ou meet para ter contactos telemáticos directos periódicos co alumnado. As tarefas entregaranse usando a aplicación da aula virtual; os debates sobre as cuestións propostas faranse a través de foros creados especificamente pola docente; e as probas escritas neste caso faranse todas tipo test (o alumnado deberá seguir as indicacións da docente e dar resposta ás cuestións que se plantexaran a través da aula virtual como se dunha tarefa se tratase, e subir a táboa de respostas á aula virtual no tempo que se determine en cada caso)

Caso 3: Modificación na normativa posterior á elaboración desta programación

No caso de que haxa modificacións normativas ao longo deste curso que afecten ao desenvolvemento desta programación o procedemento será o seguinte:

- A docente elaborará un anexo a esta programación que incorpore esas modificacións. Este anexo á programación será posto a disposición do alumnado a través da web do centro e/ou da aula virtual.

### **10.3) Aprendizaxes imprescindibles non acadadas no curso 2019-2020**

Aprendizaxes imprescindibles non acadadas no curso 2019-2020:

Tendo en conta os informes e as actas do departamento de FOL do curso 2019-2020 introducirase a materia que leve ás aprendizaxes imprescindibles non acadadas, relacionandoa co currículo deste módulo, e incluírase a súa avaliación a través do plan de empresa.